



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A
SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA
E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, SA**

(1) *A Secretaría Xeral da Igualdade* é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de promoción da igualdade por razón de xénero.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos da Secretaría Xeral da Igualdade impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

(2) **Antecedentes:** Este acordo de colaboración vense formalizando entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, SA dende o ano 2009 coa finalidade de establecer accións conxuntas de sensibilización en materia de igualdade e de loita contra a violencia de xénero.

O 11/05/2016 emitíuse o preceptivo informe da Asesoría Xurídica relativo ao citado acordo.

Non se establece, ao abeiro do Acordo de colaboración, achega económica a favor de ningunha das partes asinantes.

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, formalizouse coa Corporación Radio e Televisión de Galicia SA (CRTVG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 24/05/2016 ata o 31/12/2016.

(4) O convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, SA (nas súas canles Televisión de Galicia e a Radio Galega), respecto das accións dirixidas á promoción da igualdade e á loita para a eliminación da violencia de xénero.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo do San Lázaro, s/n
15781 - Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
<http://igualdade.xunta.es/>



(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

No exercicio das competencias atribuídas á Secretaría Xeral da Igualdade, esta promove accións de información, divulgación, sensibilización e formación no ámbito da igualdade entre mulleres e homes así como tamén no ámbito da prevención e tratamento da violencia de xénero. Estas accións están dirixidas á sociedade en xeral e así ao abeiro deste acordo, a Secretaría Xeral da Igualdade utiliza a canle da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. para levar a cabo esas accións considerando a súa utilidade pública e interese social.

(6) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2016

Asinado por: LOPEZ ABELLA SUSANA
Cargo: SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE
Data e hora: 02/06/2016 13:28:53

CVE: 77c68dd-e523-4096-b3c7-351ee0d532c0
Verificación: <https://sede.xunta.es/cve>

